



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2021310001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-I-21



Proba A1

Vostede recibe unha mensaxe electrónica dunha amiga que colabora na revista dunha asociación cultural. Nela pídelle información para escribir un artigo sobre a peregrinación a Santiago. Logo de ver esta reportaxe sobre o Camiño de Santiago e o Xacobeo, decide contestarlle. Na súa **mensaxe electrónica**, de **300 palabras**, ten que:

- Explicarlle cal é a historia da peregrinación a Santiago dende as orixes ata finais do século XX.
- Contarlle como foi o proceso de creación da marca Xacobeo e a posterior promoción nos distintos actos.
- Opinar sobre a importancia turística que ten para a nosa comunidade o feito xacobeo.
- Recomendarlle que visite Santiago de Compostela e animala a facer xuntas o Camiño de Santiago.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1




Proba A2

Vostede ten un compañeiro de traballo que sufriu o ataque dun virus informático e está preocupado pola súa seguridade na Rede. Logo de ler o seguinte artigo decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. En **300 palabras**, ten que:

- Expoñerlle cales son os perigos máis frecuentes en Internet.
- Indicarlle as tres recomendacións que vostede considera máis importantes e xustificar a súa escolla.
- Contarlle o que lle sucedeu a vostede ou a un amigo seu nunha ocasión en que o enganaron por Internet.
- Tentar convencelo de que asista a un curso de seguridade na Rede.

10 pasos para protexer a súa intimidade en Internet

A maioría dos piratas cibernéticos buscan diñeiro na Rede, pero seguir certos consellos manteraos afastados do seu ordenador.



Igual ten un espía metido no seu ordenador. A ciberdelincuencia non é tan estraña como parece. Segundo o Centro de Resposta a Incidentes de Seguridade e Industria (CERTSI), en España, xestiónanse cada día 400 incidentes relacionados coa ciberseguridade. Os delitos cometidos en Internet son cada vez máis complexos, o que facilita o acceso dos piratas cibernéticos a calquera equipo informático, xa que moitos dos novos virus dixitais non pasan ningún tipo de control. Pero hai formas de manter estes delinquentes afastados do seu ordenador. Neste artigo descríbense dez.

Un dos perigos máis recorrentes na Rede é o ciberdelito relacionado coa motivación económica: o 70 % dos ciberpiratas ten como obxectivo entrar nas contas bancarias en liña alleas, mentres que para o 30 % restante o motivo é o simple ánimo de provocar

dano. No entanto, o 21 % dos ciberdelinquentes dun e doutro tipo tamén están atraídos polo que se denominou a «espionaxe industrial» a grandes empresas e mesmo, como destapou o recente «caso Facebook», con razóns políticas. Nesta ocasión, os datos persoais de 50 millóns de persoas usuarias desta popular rede social foron usados sen o seu consentimento na campaña electoral de Trump.

Pero, como logran estes delinquentes entrar nos ordenadores? Poden facelo con técnicas de programación manuais, ou aproveitando as debilidades dos contrasinais.

Afaste os piratas do seu ordenador

Entón, como pode protexer os seus datos e o dereito á súa intimidade en Internet? A Oficina de Seguridade do Internauta advirte que o primeiro indicador para saber que unha conta foi pirateada é observar comportamentos diferentes ou raros no dispositivo e nos servizos dixitais que se utilizan, como poden ser, o correo electrónico, as redes sociais, as aplicacións e mesmo as plataformas de entretemento ou de compra en liña. «A maioría dos sistemas e servizos están a ampliar os seus mecanismos de notificación para avisarnos de calquera comportamento diferente do noso uso habitual e que poida ser sinal de que os datos persoais están en perigo», asegura Javier Rodríguez, técnico do Instituto Nacional de Ciberseguridade.

Como pode protexer os seus datos e a súa identidade dixital?

Sempre é máis interesante previr que curar. Estas sinxelas pautas axudaránlle a protexer os seus datos e a súa identidade en Internet antes de que os ciberpiratas se fagan con eles. A Oficina de Seguridade do Internauta recomenda seguir estes dez pasos para logralo:

1. Empregue contrasinais robustos: longos e que combinen diferentes tipos de caracteres.
2. Non comparta as claves con ninguén.
3. Non escriba os contrasinais en ningún caderno que calquera poida atopar.
4. Utilice unha clave diferente para cada servizo. Se algún contrasinal se ve afectado, o resto seguirá a salvo.
5. Cambie as claves con frecuencia.
6. Use aplicacións que xestionan contrasinais (xestores de claves). Estas plataformas axudan a crear todos os que se necesiten de forma automática e gárdanos con seguridade.
7. Active a opción da verificación da súa identidade en dous pasos. Ademais de introducir a clave, pode enviar un código ao teléfono ou unha chamada de voz. Esta medida de seguridade fai máis difícil que alguén sen autorización acceda aos seus datos.
8. Consulte as contas bancarias a miúdo para observar se hai movementos sospeitosos. Desta forma, poderá dar antes o aviso no banco.



9. Sexa coidadoso cos correos electrónicos de enderezos descoñecidos, así protéxese do roubo de datos ou de que algún programa malicioso entre no seu ordenador.
10. Non dea información persoal por teléfono nin a través de Internet, a menos que estea moi seguro de con quen está falando.

Texto traducido e adaptado da revista *Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

